

IES AS TELLEIRAS – PRESENTACIÓN DA MATERIA/MÓDULO

Materia / Módulo	PENDENTES Matemáticas 2º	Curso / Ciclo	2011-12 ESO
Profesor/a	Esperanza Canalejas / Carmen López / Icíá Álvarez		

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Parcial	1. Os números enteiros 2. Potencias e raíces 3. Fraccións, decimais e porcentaxes 4. Proporcionalidade directa e inversa. Aumentos e diminucións porcentuais 5. A linguaxe alxébrica. Valor numérico 6. Ecuacións de primeiro grao
2ª Parcial	7. Semellanza. Teorema de Tales. Teorema de Pitágoras 8. Poliedros e corpos revolución 9. Áreas e volumes de corpos xeométricos 10. Funcións e gráficas 11. Estatística

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entrega dun boletín de 10 exercicios e probas escritas

MÉTODO DE AVALIACIÓN

Para cada avaliación realizarase un exame nunha data comunicada oficialmente (puntuación máxima 9 puntos) e entregar á xefa do departamento, nesa mesma data, un boletín de 10 exercicios resoltos (puntuación máxima 1 punto). A cualificación de avaliación ordinaria será a suma das cualificacións obtidas polo boletín e polo exame.

Se un alumno ou alumna non acada o aprobado nas dúas avaliacións poderá realizar unha proba final, quedando exento de facela o alumnado que cumpra, nas cualificacións das avaliacións, as condicións seguintes:

- 1.- A cualificación máis baixa das dúas avaliacións sexa maior ou igual ca 3.
- 2.- A media aritmética das dúas cualificacións sexa superior ou igual ca 4,5.

CUALIFICACIÓN FINAL ORDINARIA

Será media aritmética das cualificacións parciais (sempre que cumpran os requisitos sinalados anteriormente) ou a cualificación obtida no exame final. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 4,5

CUALIFICACIÓN NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Será a cualificación obtida nunha proba escrita puntuada de 1 a 10. Os contidos do exame serán todos os expostos inicialmente. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5